


gramaTICaula

Manual de instalación

Instalación

Instalación completa de *gramaTICaula* en un Aula Virtual

1. Unha persoa con permisos para crear novos cursos dentro da Aula Virtual premerá no botón **Restaurar** dun curso xa existente.
2. Subirá o arquivo **gramaticaula.zip**
3. Unha vez subido, nas opcións que amosa o arquivo, pulsará en **Restaurar**.
4. Aceptar cando se pida confirmación.
5. Ao chegar a seguinte ventá, seleccionar a opción **Restaura a Nuevo curso** e darlle a **Continuar** na parte inferior da páxina.



A screenshot of the 'Restaurar a' (Restore to) form in Moodle. A green arrow points to the 'Restaurar a' label. The form contains the following fields: 'Restaurar a' (dropdown menu set to 'Nuevo curso'), 'Categoría' (dropdown menu set to 'ESO / LINGUA CASTELÁ E LITERATURA'), 'Nombre corto' (text input field containing 'gramaTICaula'), and 'Nombre completo' (text input field containing 'gramaTICaula').

6. Aceptar cando se pida confirmación, e xa está.



Restaurar ou importar parte de *gramaTICaula* noutro curso

Moodle non permite importar por temas, senón que hai que seleccionar os elementos un a un. Cando se importa, os contidos aparecen no número de tema no que estaban na unidade orixinal. Por isto, se queren engadirse contidos concretos a unha unidade determinada dun curso xa existente, o aconsellable sería mover a unidade orixinal ao número que se queira.

Para restaurar, seguir os pasos da instalación completa e no paso 6 seleccionar os contidos desexados.

Se **gramaTICaula** xa está instalada na Aula Virtual, pódese facer por medio do botón **Importar** no bloque de Administración.

A continuación, darlle ao botón "Importar" e seleccionar os contidos que se desexen, que están ordenados segundo o curso.



Engadir actividades Hot Potatoes a outro curso

As actividades Hot Potatoes están organizadas por cartafol segundo os contidos. Dentro de cada cartafol, ademais das actividades, están as iconas e a folla de estilo. Para coller soamente algunha actividade, habería que mover a carpeta completa da unidade ao curso, e logo seguir os seguintes pasos:




1. Premer en **Activar edición**.
2. Seleccionar **Agregar actividad → Hot Potatoes Quiz**



3. Realizar os axustes que se consideren convenientes.

(Para que algunhas actividades se vexan correctamente é necesario seleccionar en modo de visualización **Iframe embebido**. A maioría das do curso están axustadas en **Barra de navegación de Moodle**, para evitar amosar os botóns de navegación de HotPotatoes, que serven para navegar entre as actividades pero fora de Moodle, polo que non se rexistran os resultados.)



Modificación

Actividades e etiquetas

Calquera elemento dentro dunha unidade da Aula Virtual pódese **mover, editar, ocultar ou eliminar**

1. Premer en **Activar edición**.
2. Premer na icona desexada.



Cuestionarios

Os cuestionarios pódense modificar, eliminar ou crear outros novos. O banco de preguntas de gramática, se ben non comprende todos os aspectos, ten máis de 600 preguntas extraídas dos exercicios.